



O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 31-07-2026
ata a día 15-08-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

R.O.

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 04.07.2025, apróbase a convocatoria e bases específicas para o ingreso como funcionario/a de carreira en dúas prazas denominadas técnico/a administración xeral, da escala de administración xeral, subescala técnica, correspondentes á OEP do ano 2022, mediante o sistema de oposición, acceso libre (BOP núm. 158, do 11.07.2025).

As bases xerais que rexen esta convocatoria foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 12.03.2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A proposta de nomeamento realizada polo Tribunal e a relación das persoas non seleccionadas para a elaboración de listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo, fíxose pública na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade en data 04.06.2026.

Resolto definitivamente o procedemento selectivo por acordo da Xunta de Goberno de 17.07.2026 (BOP núm. 167, do 23.07.2026), proponse á presidencia que, para cumprimento do sinalado na base xeral 9.3 e en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, Resolva:

1º.- Elaborar a listaxe de emprego temporal de Técnico/a Administración Xeral, grupo A – subgrupo A1, aprobando a inclusión das persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se sinala, para prestar servizos temporais como funcionarios/as interinos/as por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público:

Nº Orde	Apelidos e Nome	Cualificación Final
1	Garrido Caneda, Ricardo	15,80

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos se realice conforme aos criterios que rexen a incorporación de persoal para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, de acordo co sinalado na resolución da presidencia vixente no momento da súa publicación.

	IV766CDCDYWCV60M7TUGCQS54	Fecha y Hora	30/07/2026 11:41:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV766CDCDYWCV60M7TUGCQS54	Página	1/2	

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,
P.D. Decreto de data 14-01-2026
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,
P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 31-07-2026
ata a día 15-08-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.
[Firma]

	IV766CDCDYWCV6OM7TUGCQSF54	Fecha y Hora	30/07/2026 11:41:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV766CDCDYWCV6OM7TUGCQSF54	Página	2/2	